



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 20 DE MARZO DE 2017.**

***Asistentes:***

***Alcalde-Presidente:***

José Demetrio Salgueiro Rapa

***Vocais:***

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

***Secretario:***

D. Luís M. Fernández del Olmo

***Interventora:***

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

***Ausente:***

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezasete horas do día vinte de marzo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria e urxente correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

### **A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 22 de febreiro de 2017.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

### **B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA**

#### **B.1) SOLICITUDE DE D. ALADINO FERNÁNDEZ LÓPEZ, RELATIVO A SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBERTA EN VIVENDA SITA EN AGRAMONTE-XOVE.**

Vista solicitude formulada por D. Aladino Fernández López con D.N.I nº: 33.841.342-Q con domicilio en Agramonte, 7 (27870 Xove), para realización de obras de substitución do material de cuberta na vivenda sita en C/ Agramonte Nº 7 .-Xove .- Ref.Catastral:0483008PJ2308S.-

Expediente: 421/17

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa Colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Urban de Xove.-Ordenanza O-4.1 de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.6 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M para a edificación na que se pretende arranxar a súa cuberta.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de remodelación, non supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación principal agás os elementos sustentantes da cuberta deste porche.*



- *Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación principal e o seu ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 24 da lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia.*
- ***A cuberta deberá ser de pizarra.***
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 9.218,70€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 184,37€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

## **B.2) SOLICITUDE DE D. RAMÓN LOSADA DOMÍNGUEZ RELATIVO A EXECUCIÓN DUN COBERTIZO AUXILIAR EN ALDEA DE ARRIBA Nº 21.-MORAS.**

Vista solicitude formulada por D. Ramón Losada Domínguez con D.N.I nº: 76.536.569-K con domicilio en Aldea de Arriba, 21 (27878 Morás), para realización de obras de execución dun cobertizo auxiliar de 7x6 metros en Aldea De Arriba Nº 21.-Moras.-Xove .-

Situación: Ref.Catastral: 27025A008005910000JE .-Expediente:384/17

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo De Núcleo Rural En Zona Tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012. **Núcleo Rural de Aldea de Arriba.-Morás.-***
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3 e 1.2.4 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUG para a realización do galpón auxiliar da edificación principal, que se pretende.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:



- *Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía do entorno e o seu e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no Artigo 24 da Lei 2/2006 do 19 de febreiro, no relativo ás condicións de edificación.*
- *Deberase aportar previo o inicio das obras, a escritura de propiedade coa mensura da parcela ao, obxecto de poder cuantificar o cumprimento da edificabilidade que se propón no proxecto.*
- *O atoparse a parcela dentro da delimitación de Solo De Núcleo Rural, os usos das edificacións que se pretenden levar a cabo no proxecto, serán os especificados na memoria valorada que se presenta, que son de Aperos de Labranza.*
- ***A cuberta do cobertizo deberá ser de pizarra.***
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *O abeiro do disposto no artigo 286-b- b2, tanto na zona tradicional como na de expansión, autorizaranse dimensións menores de parcela, cando a mesma se reduza por cesión de terreo ao Concello para a apertura ou regularización do viario.*
- *A evacuación de augas residuais será a fosa séptica regulamentaria que deberá gardar as distancias previstas no artigo 280.e do P.X.O.M.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da parcela, e poder constatar o seu estado definitivo da edificación unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza así como a súa adaptación á Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia.*
- *Previo ao inicio das obras deberase solicitar a obrigada acta de reformulo, sen a cal non terá validade a licenza de obra que se solicita.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 2.939,12€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 58,78€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **B.3) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> LUCIA SÁNCHEZ MEITÍN RELATIVO A REHABILITACIÓN DE HÓRREO EN VILACHÁ Nº 23 PORTOCELO.**

Vista solicitude formulada por D. Lucia Sánchez Meitin con D.N.I nº: 34.635.128-A con domicilio en Vilachá nº 23.-(27877 Portocelo-Xove) para realización de obras de rehabilitación de hórreo sito en Vilachá nº 23.- Portocelo.

Parcelas nas que se ubica: 27025A057008920001KY e 27025A057008920000JT.-

Expediente: 206/17

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :



1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado pola arquitecto técnico, Dona Aroa Mayo Rodríguez colexiada nº 562, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo de Núcleo rural Area Tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012. Núcleo rural de Vilachá.

2º.-Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.4 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M, para o hórreo que se pretende arranxar.

3º.-O hórreo atópase ubicado nun entorno afectado por unha área de protección, dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar nomeado cos números:

BICS nº4-25-59 e 61 dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar, sendo a denominación do hórreo a rehabilitar 04.10.H.

### CONSIDERACIONES:

\*De acuerdo con el Decreto 449/1973 de 22 de febrero, que coloca bajo la protección del Estado los hórreos ó cabazos antiguos,(con más de un siglo de antigüedad), existentes en Asturias y Galicia,(BOE nº 62 de 13 de marzo de 1.973), y la Disposición Adicional 2ª de la Ley 16/85 de 25 de junio del patrimonio histórico español, considera Bienes de Interés Cultural, (BIC), los bienes objeto del citado decreto. Además, ya a nivel autonómico, la Disposición Adicional 1ª de la Ley 8/1995 de 30 de octubre del patrimonio cultural de Galicia, también los considera BIC.

\*Al mismo tiempo el artículo 64 de esta Ley, considera parte del patrimonio etnográfico de Galicia los bienes muebles e inmuebles que sean expresión de la cultura y modo de vida tradicional y propio del pueblo gallego. Por otra parte, el artículo 37 de esta Ley, establece que las intervenciones en elementos declarados de interés cultural deberán contar con la autorización de la Consellería de Cultura, previamente a la concesión de la licencia municipal .

\*También es cierto que la Ley 8/95 del patrimonio cultural de Galicia en su artículo 25.1 señala que los propietarios, poseedores y demás titulares de derechos reales sobre bienes integrantes del patrimonio cultural de Galicia, están obligados a conservarlos, cuidarlos y protegerlos debidamente para asegurar su integridad así como evitar su pérdida, destrucción ó deterioro.

\*Añadir asimismo, que de acuerdo con el artículo 14.2 del Reglamento de Disciplina Urbanística, aprobado por el decreto 28/1999 de 21 de enero, en ningún caso se entenderá como obra menor las intervenciones en edificios declarados Bienes de Interés Cultural (BIC) o catalogados.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Calquera intervención que afecte a un ben catalogado ou á súa “área de protección, necesitará o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura e Deporte, conforme ao establecido no artigo 45 da LEI 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Na data 06 de marzo do presente ano 2017 co rexistro de entrada nº 558, ED110280, e número de orde 50, tivo entrada nestas dependencias municipais o preceptivo informe Da Xunta de Galicia, na súa Delegación Territorial de Lugo, Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con informe favorable



*para levar a cabo as obras de arranxo que se pretenden para a rehabilitación de hórreo co cumprimento das seguintes condicións:*

- *O tratamento hidrófugo a aplicar na pedra non poderá ser agresivo para ela nin ter un acabado que xeo distorsión na imaxe orixinal da pedra.*
- *Tras finalizar a intervención, elaborárase unha memoria final que documente todo o proceso levado a cabo en cada unha das súas fases e para todas as disciplinas aplicadas. Conterá, ao menos, unha descrición pormenorizada da intervención realizada, con especificación dos tratamentos e produtos empregados así como a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final (art. 43 da LPCG).*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.975,35€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 79,51€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

## **B.4) SOLICITUDE DO CLUB DEPORTIVO PALMEIRO, RELATIVO A EXECUCIÓN DE RAMPA ACCESIBLE NO CLUB DEPORTIVO PALMEIRO.**

Vista solicitude formulada polo Club Deportivo Palmeiro con D.N.I nº: G27121294 con domicilio en Urbanización Palmeiro (27879 Rigueira), para realización de obras de execución dunha rampa accesible no Club Deportivo Palmeiro. Expediente:751/17

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *A edificación cuio acceso se pretende acondicionar para a mellora da accesibilidade, de acordo coa documentación presentada, subscribida polo Arquitecto Técnico Don Tomás Rodríguez Rapa como Solo Urban da Urbanización Palmeiro, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de xullo de 2012.*
- *No proxecto, xustifícase, no seu apartado da Memoria urbanística, o cumprimento da Normativa municipal, os datos comparados, así como no plano de localización, a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente Normativa urbanística.*
- *No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a accesibilidade.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais se refire como a normativa correspondente.*



- *Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade, tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta durante a execución dos traballos.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a rampa de acceso que se solicita, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, deberase proceder a retirada dos elementos auxiliares e a reposición das zonas de dominio público e deixalas en perfecto estado, polos deterioros que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos.*
- *A resultas do exposto nos apartados anteriores, infórmanse favorablemente as obras de acondicionamento que se pretenden.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 7.313,06€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 146,26€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

## **C) CONTAS E FACTURAS**

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

## **D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL**

### **D.1) SOLICITUDE DE CAMBIO DE VEHÍCULO DO TAXI DE D. ANTONIO MASEDA MEITÍN.**

Por Secretaría, dáse conta da solicitude formulada por D. Antonio Maseda Meitin con D.N.I. nº 34.637.466-H e domicilio en Avda. do Cantábrico, S/N (27870 Xove) que é titular dunha praza de taxi con licenza de clase B nº2 deste Concello de Xove, a cal atendía o servizo cun vehículo marca Mercedes E270CDI matrícula 8278-DTH no que solicita un cambio de vehículo para substituír por outro novo de marca Mercedes Benz, con matrícula 5955-JRL e con número de bastidor WDD2052041F396071.

1º) Autorizar o cambio de vehículo a D. Antonio Maseda Meitin quedando adscrito a licenza referida a partir deste acordo ó vehículo de marca Mercedes Benz, con matrícula 5955-JRL e con número de bastidor WDD2052041F396071, de conformidade coa normativa vixente, debendo causar baixa no servizo público o vehículo que estivo adscrito hasta agora á referida licenza, de titularidade de D. Antonio Maseda Meitin.

2º) A expedición da licenza correspondente a D. Antonio Maseda Meitin.

3º) Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados



## **D.2) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DA EMPRESA SUMINISTROS SAN CIPRIAN S.L. PARA ÓSCAR RODRÍGUEZ VÁZQUEZ.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

<b>Empresa</b>	<b>Traballador</b>
Suministros San Ciprian S.L. C/Estrada acceso ó Porto S/N 27890 Cervo	Óscar Rodríguez Vázquez Avda. Diputación, 25 3º B 27870 Xove

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

## **D.3) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DA EMPRESA ELECTRÓNICA NOROESTE S.G. PARA IVÁN FERNÁNDEZ GÓMEZ.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

<b>Empresa</b>	<b>Traballador</b>
Electrónica Noroeste S.G. S.L. Calle Parroquia de Rois, 0 Polígono Bergondo, Parcela D6 15165 Babio (Santa Marta). A Coruña	Iván Fernández Gómez Ferrol, 3 (27879 Rigueira)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

## **D.4) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<b>Nome do perceptor</b>	<b>Contratación subvencionada</b>	<b>Períodos</b>	<b>Contía</b>
Hotel Palacio de Cristal S.L. Avda. Arcadio Pardiñas, 154 27880 Burela	Mª Isabel Pernas Fra Vilachá, 21 (27877 Portocelo)	2016	904,35 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

## **D.5) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIO AUTÓNOMO.**

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<b>Nome do autónomo</b>	<b>Actividade</b>	<b>Períodos</b>	<b>Contía</b>
-------------------------	-------------------	-----------------	---------------



Lucía Canoura Sánchez Avda. Diputación 30 4º F (27870 Xove)	Consultora	Febreiro 2016 a Xaneiro de 2017	2.100 €
---	------------	------------------------------------	---------

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

### **D.6) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIA AUTÓNOMA.**

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2017 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para a beneficiaria e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do autónomo	Actividade	Períodos	Contía
Laura Vale Rodríguez C/ Tomás Mariño Pardo, 1 F 27870 Xove	Comercio menor calzado infantil	De Xaneiro a Decembro de 2016	2,100,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

### **D.7) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE GULDEIROS S.C. PARA IÑAKI LOUZAO SERANTES.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Guldeiros S.C. Lg. Sisoy 27015 Cospeito (Lugo)	Iñaki Louzao Serantes Camiño Apeadero, 20 3º B 27870 Xove

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

### **D.8) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2016.

*Visto informe do Departamento de Emprego no que sinala que este expediente finalizou o seu período máximo de dereito a libramentos en decembro de 2015, polo que procede a denegación da solicitude porque incumpre a Base 4 do Punto 4 das Bases Reguladoras do Plan de Emprego, polas que se rexía este expediente.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Denegar o libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o solicitante seguinte:

Solicitante	Contratación	Períodos
Belén Vale López Avda. de Ferrol, 41 Entr. 2	Sandra Louzao Salgueiro Pereiraboa, 52	Xaneiro a Decembro de 2016





27850 Viveiro	27877 Xuances	
---------------	---------------	--

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

### **D.9) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE AIDA MENCÍA GARCÍA PARA ANA BELÉN LATAS AGRELO.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola traballadora e pola empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

<b>Empresa</b>	<b>Traballador</b>
Aida Mencía García C/ Benito Galcerán, 22 P04 Bajo (27066 Viveiro)	Ana Belén Latas Agrelo C/ Tomás Mariño Pardo, 1 1º B (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

### **D.10) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIO AUTÓNOMO.**

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2016 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do autónomo	Actividade	Períodos	Contía
Samuel Míguez Bermúdez C/ Agramonte, C nº 2º 27870 Xove	Gabinete Topográfico	2016	1.800 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

### **D.11) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato o nacer, por importe de 120,00 €.

### **D.12) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.



### **D.13) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA S.C.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Suso e Palma, S.C. con CIF J27362821, con domicilio en Ferrol, 1 (27879 Rigueira) por morte de un xato de menos de 1 mes de vida, por importe de 120,00€.

### **D.14) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup>. JOSEFA GONZÁLEZ PARAPAR.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup> Josefa González Parapar con D.N.I. nº 33.993.607-K, con domicilio en Loureiros, 55 (27879 Xuances) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

### **D.15) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup>. SARA GOMEZ GOMEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup> Sara Gómez Gómez con D.N.I. nº 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8(27878 Sumoas) por morte de un xato de 2 días de vida, por importe de 120,00 €.

### **D.16) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE CAMBA-XUANCES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup>. Susana Mariño Parapar, con D.N.I. nº 76.569.629 F, con enderezo en Camba, 22 (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o **01/09/2016 ó 28/2/2017**, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto o sinalado no contrato no que se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.000€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.500€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

### **D.17) SOLICITUDE DA S.D. XOVE FÚTBOL-SALA DE SUBVENCIÓN PARA COMPETICIÓN NA 2ª DIVISIÓN NACIONAL “B” DE FÚTBOL SALA -2017.**

Visto a solicitude da Sociedade Deportiva Xove Fútbol-Sala, con CIF:G27396241 e domicilio a efectos de notificación en Avda. Diputación, 88 (27870 Xove).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2017 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 20.000,00 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.



Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 341.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 20.000,00 € para Competición 2ª División Nacional “B” de Fútbol-Sala durante 2017.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 14.000,00 €, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
- Detalle de cada un dos gastos que se presenta como xustificante da axuda concedida no que se indiquen os datos do proveedor, datos das facturas presentadas e importe subvencionable. Facilitarase modelo ao efecto.
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable. Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para .....” Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha



nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)
- No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados. Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

#### **D.18) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
<b>Patricia Álvarez Rodríguez</b> PANADERÍA Parque Empresarial Camba P 29-30 27870 Xove	<b>David Cociña González</b> Loureiros, 55 27870 (Xuances)	Oct 2015/Xuño2016	1.350,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

#### **D.19) SOLICITUDE DE A.C. SAIÑAS DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES 2017**

Visto a solicitude da Asociación Cultural Saiñas, con CIF:G-27022870 e domicilio a efectos de notificación en Camiño Real Sn (Edificio do Concello de Xove)



Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2017 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 15.000€.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 334.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 15.000€ para actividades durante 2017.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 10.500 €, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2017, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
- Detalle de cada un dos gastos que se presenta como xustificante da axuda concedida no que se indiquen os datos do proveedor, datos das facturas presentadas e importe subvencionable. Facilitarase modelo ao efecto.
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para .....” Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro



do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)
- No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados. Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezaioito horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fê.

Vº e PR

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo